



ADMINISTRACIÓN LOCAL PROVINCIAL DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto de la resolución 2022/13460, de 17 de marzo, de la Presidencia de la Diputación de A Coruña, por la que se aprueba la convocatoria del XXI Premio “Miguel González Garcés” de poesía

BDNS(Identif.):615763

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/615763>)

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.la) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del XXI Premio “Miguel González Garcés” de poesía. El texto completo de las Bases del premio puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primero.–Beneficiarios.

Podrán optar al premio todas las personas de cualquier nacionalidad, que no hubiesen sido premiadas en los cuatro años anteriores a éste, y que presenten obras de poesía escritas en lengua gallega.

Segundo.–Objeto.

Convocar para el ejercicio 2022 el XXI Premio “Miguel González Garcés” de poesía dando continuidad a lo que ya es una tradición en la convocatoria poética en lengua gallega y recoger también el ejemplo de este significativo escritor coruñés.

Tercero.–Bases reguladoras.

La convocatoria se registrará por las Bases del premio, que fueron publicadas en el BOP número 50, de 15 de marzo de 2022, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/03/15/2022_0000001319.pdf

Cuarto.–Cuantía.

El importe de la consignación asciende a un total de 6.500,00 €, con cargo a la partida 0612/3341/481 del Presupuesto ordinario para el año 2022.

Se establece un único premio dotado con 6.500 €.

El premio podrá quedar desierto y ser concedido con carácter ex aequo; en este caso, su importe se repartirá proporcionalmente entre las personas que resulten premiadas.

Quinto.–Cesión de derechos.

La Diputación, que publicará la obra premiada, se reservará los derechos de edición durante un plazo de dieciocho meses, que se contará desde la fecha de la concesión del premio, y le entregará a la persona ganadora treinta ejemplares de la obra editada.

La autora o el autor mantendrá los derechos para la posible edición de la obra en cualquiera otra lengua distinta a la gallega. Esta edición no podrá realizarse, en ningún caso, con anterioridad a la edición en lengua gallega.

Sexto.–Plazo de presentación de solicitudes.

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de la convocatoria en el BOP de A Coruña, y acabará el día 26 de abril de 2022.

Otros datos de interés

Las obras o proyectos se presentarán, preferentemente, en soporte digital USB/CD, y junto con la plica serán enviados, a portes pagados, a la Diputación de A Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando en el sobre XXI Premio “Miguel González Garcés” de poesía.

A Coruña

17/3/2022

El presidente de la Diputación de A Coruña, Valentín González Formoso

Extracto da resolución 2022/13460, de 17 de marzo, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do XXI Premio “Miguel González Garcés” de poesía

BDNS(Identif.):615763

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/615763>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria do XXI Premio “Miguel González Garcés” de poesía. O texto completo Bases do premio pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.-Beneficiarios.

Poderán optar ao premio todas as persoas de calquera nacionalidade, que non fosen premiadas nos catro anos anteriores a este, e que presenten obras de poesía escritas en lingua galega.

Segundo.-Obxecto.

Convocar para o exercicio 2022 o XXI Premio “Miguel González Garcés” de poesía dando continuidade ao que xa é unha tradición na convocatoria poética en lingua galega e recoller tamén o exemplo deste significativo escritor coruñés.

Terceiro.-Bases reguladoras.

A convocatoria rexerá polas Bases do premio, que foron publicadas no BOP número 50, de 15 de marzo de 2022, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/03/15/2022_0000001319.pdf

Cuarto.-Contía.

O importe da consignación ascende a un total de 6.500,00 €, con cargo á partida 0612/3341/481 do Orzamento ordinario para 2022.

Establécese un único premio, dotado con 6.500 €.

O premio poderá quedar deserto e ser concedido con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

Quinto.-Cesión dereitos.

A Deputación, que publicará a obra premiada, reservarase os dereitos de edición durante un prazo de dezoito meses, que se contará desde a data da concesión do premio, e entregará á persoa gañadora trinta exemplares da obra editada.

A autora ou autor manterá os dereitos para a posible edición da obra en calquera outra lingua distinta á galega. Esta edición non poderá ser realizada, en ningún caso, con anterioridade á edición en lingua galega.

Sexto.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará o día 26 de abril de 2022.

Outros datos de interese

As obras presentaranse, preferentemente, en soporte dixital USB/CD, e xunto coa plica serán enviados, a portes pagados, á Deputación da Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando no sobre XXI Premio “Miguel González Garcés” de poesía.

A CORUÑA

17/3/2022

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso

2022/1436